Publicidade:

Eu .gal POR UN DOMINIO GALEGO

O noso boletín por e-mail conta xa con 3067 lectores. ¡Subscríbete!

Código Cero

Diario de Novas Tecnolóxicas de Galicia

En español | Novas | Gadgets | Videoxogos | Edición impresa | Top 100

# Dan o coñecer os finalistas dos X Premios EGANET

Publicidade:

mércores 29 de xaneiro do 2014, por Marcus Fernández | Enviar | Compartir | | g+1 0




O vindeiro venres a Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet (EGANET) celebrará o acto de entrega da décima edición dos seus Premios , aos que concorreron 105 candidaturas e dos que xa se coñecen os finalistas, aos que se engade o Premio Especial EGANET, que este ano recae no programa *Banda Ancha* da Radio Galega , dirixido por Xosé María Fernández Pazos, e que leva cinco anos contribuíndo á difusión das TIC e a Sociedade da Información en Galicia, o que levou aos socios de EGANET a querer recoñecer o seu labor.
A listaxe definitiva de finalistas é a que segue:

**Proxecto Colaborativo TIC**
· Murallas Dixitais, presentado por Astrágalo Studio, Academia Postal3 Vigo, G12 Grupo e CLICTIC
· Portal das Palabras, presentado por imaxin|software, Real Academia Galega (RAG), Fundación Barrié e CG Produccións
· Integración CMS e ERP, presentado por Visual Publinet e Inteco Ingeniería
· Feirón, presentado por R, Softwhisper, A Navalla Suiza e Tuapli
**Aplicación Software**
· SmartNauTic - Navegador nautico en realidade aumentada, presentado por Human Soft
· Pictoaplicaciones, presentado polo Grupo Promedia
· iPetrol - Monitorización de Estacións de Servicio, presentada por Conexiona Telecom
· xeoPesca, presentado pola Asociación xeoPesca
**Comunicación Dixital**
· Campaña en Galicia do Sorteo de Oro de Cruz Roja, presentado por Nasas, Agencia Creativa de Marketing Online

Esta páxina web fai uso de *cookies* con fins estatísticos. Se continúa navegando consideramos que acepta o seu uso. OK Máis información

· Portal das Palabras, presentado por imaxin|software
**Negocio Online**
· Felicitame.es, presentado por Contact Comunicación
· "Un puntazo" programa de fidelización e ecommerce, presentado por Disashop
· Xcloud Bookstore, presentado por Exnenio
· El Faro de los Tres Mundos, presentado por Visual Publinet

Falta por coñecerse os finalistas da categoría Proxecto Emprendedor TIC, que aínda non rematou o seu procedemento de votación popular a través de Facebook . O acto de entrega dos Premios EGANET 2013 terá lugar no Auditorio Mar de Vigo ás 12:30 horas, dentro da xornada na que se celebra o cuarto aniversario da LaconNetwork.




O programa *Banda Ancha* da Radio Galega recibirá un recoñecemento especial na edición de 2013 dos Premios EGANET

Engadir un comentario

Comenta tamén no Facebook

Publicar como Pablo Belay (Trocar) Comentar

Complemento social Facebook

**Grupo Código Cero Comunicación, S.L.**
Rúa Conxo de Arriba 49- 1 C
15706 Santiago de Compostela
Teléfono-fax:981 53 02 68
redaccion@codigocero.com

Premio da Galeguidade ao Medio de Comunicación

Galardón á Innovación Empresarial na categoría de Comunicación

Premio EGANET á Mellor Web de Medios de Comunicación

Premio INNOVA-G pola difución das TIC

Premio Comunicación Informática CPEIG

RSS